

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 2 CINTA 2



Museo do Pobo Galego



Instituto de Estudos das Identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0002_002_en_0_12_47_id540_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0002_002_en_0_12_47_id540.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre os conflitos xurdidos respecto ás forma de traballo da “ardora” e do “caldeo” ; a chegada das primeiras traíneiras á zona de Moaña e a introducción do motor nas mesmas.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eleximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou que aparecen cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o termo correcto ou o significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcríbense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

Aclaración de termos:

- “Segundo, que se casou na *Feira*”: Feira fai referencia aquí ao topónimo dun lugar.
- *Illa*: os mariñeiros locais referíanse así ás Illas Cíes.
- *O Muiñeiro*: alcume dun home que tiña balandros para carrexar mercadorías dende Vigo.
- “Andar a algunha *femia*”: a femia utilizábase como cebo na pesca do choco.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcripción realizada por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , xeito , caldeo , ardora , boliche , conflitos laborais , embarcación a motor, traíñeira , bote

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 2

P: Falando dos tipos de barcos, antes falamos das artes e dos aparellos, agora vamos a falar dos barcos e das lanchas que se usan ou que se usaban máis ou menos antes. Para a ardora o que máis se usaban que eran, eran os barcos de vapor ¿non?

R: Para a ardora os barcos de máquinas.

P: De máquinas. ¿Cantos caballajes tiñan máis ou menos?

R: En Cangas, nunca usou os barcos de remos ó caldeo. Os barcos de remos sempre os usou Cangas para a ardora.

P: Para a ardora.

R: Para ó xeito.

P: Para ó xeito.

R: Nunca traballou con cebo, con cebo que é raba, e traballaban de día. Eles traballaban de noite, en barcos pequenos con máquinas de tren, E moitas veces hubo encontróns no mar porque os de Moaña traballaban a raba con eles en barcos de remos. E de día



podían traballar, pero de noite tan pronto se metía o sol deixaban de traballar ... iban polo mar adiante botábanselle por riba dos aparellos, botábanselle por riba das calas.

P: Como tiñan máquinas pois...

R: Eu, un dos estragos máis grandes... daquela era Guixar que tiñan un puñado de barcos tamén.

P: Sobre que ano ¿sabe?

R: Non sei, non sei que ano era. Houbo unha protesta por eso. Porque os de Cangas non querían o caldeo, e estes querían gobernar eles e cando quixeran ir ó caldeo que foran á ardora. E non querían porque ó caldeo, tiñan o gasto fixo, muito ou pouco pero tiñan o gasto.

P: O gasto da raba.

R: O gasto da raba, moitas veces gastabas a raba e non pescabas. E querían solamente que se traballase ou ó xeito ou á... Nunha ocasión estaba unha huelga que houbera en Vigo levaron a venda de pescado a Guixar, Cincuenta mariñeiros de Cangas tiráronnos ó mar.

P: En Guixar.

R: Tiráronnos ó mar ós de Guixar.

P: Alá, pero ¿donde enVigo?

R: En Vigo, e tocoulle algo ós de Moaña tamén.

P: ¿Tamén? Polo conflicto da...

R: Pero facíanse moitos conflictos ... pero con respecto a eso.

P: ¿E que barcos se usaban? ¿usábase a trainera xa?

R: A trainera¹ (sic) foi a primeira cousa que houbo.

P: Foi a primeira. As traineras que eran grandes de 24 ou 25 homes ¿non?

R: Primeiramente, viñeron os asturianos con elas. Foron a buscar ós patróns e máis truxeron os barcos, porque aqueles enseguida pescaron o cerco, ó caldeo. E compraron as embarcacións e máis viñeron os patróns a traballar, que algúns patróns quedaron aquí.

P: Quedaron aquí, casaron aquí e fixeron vida aquí.

R: Non sei se saberás ti, ¿como lle chamaban? *Segundo*, que se casou na Feira.

P: Non me dou conta, ó mellor conózolle algún fillo ou neto pero non me dou conta ¿Usté acórdase cando viñeron os asturianos ou contoullo o seu pai?

R: Eu non me acordo, cando viñeron os asturianos non me acordo. O abuelo foi quen, o abuelo tiña... andaba á sardiña cun barco de boliche, non trainera, botes grandes.

P: Eran botes, ¿de cantos homes?

R: De 12 homes.

P: De 12 homes.

R: Era cerco de ghareta².

P: ¿E como lle chamaban, chamábanlle así botes?

R: Botes sí, e cando non se pescaba, pois quedábase na *Illa*. E cando viñeron os asturianos a traer as traineras, foi un dos primeiros que comprou a embarcación e máis o patrón e foi cando veu a ensinar.

P: Truxo os aparellos e máis a embarcación.

R: Os aparellos e máis a embarcación, como se empezaba a pescar ó cebo, como se empezaba a cebar, como se empezaba a engadar, vamos viñan eles a ensinar ós mariñeiros.

P: Si enseñaban todo.

R: A ensinar ós mariñeiros. Despois, ó cabo de dous anos xa nin asturianos nin nada, sabían máis os de aquí que de alá

P: ¿Eses asturianos viñeron a Moaña solo ou viñeron por toda a costa?

R: Por todo.

P: Por todo ¿non? Estendeuse por toda a costa.

¹ En adiante trainera = traiñeira

² Ghareta = xareta



R: Moaña foi a súa zona máis de aquí das Rías Baixas que colleu ese... así como non colleu a ardora, a ardora colleuna Cangas con todo o cariño deles, a fomentaron eles. En cambio Moaña colleu o Despois foise á ardora coma eles e eles foron ó caldeo polos gastos que ..., e as traineras que trueron os asturianos, eran como as traineras das regatas, era un tipo así, levaban doce cestas, quince cestas. Como as traineras, eran pouquiño máis anchas pero do mesmo tipo, e ghashaban dúas velas.

P: Usaban velas tamén.

R: Dúas velas, velas cuadradas.

P: Nos tínhamos unhas fotos de unhas traineras antigas que levaban vinte tantos homes, vinte e catro ou vinte e cinco homes levaban.

R: Iso a última hora.

P: Iso foi despois.

R: Despois viñeron os motores.

P: ¿Como lle chaman?

R: Os motores.

P: Os motores.

R: Si para aliviar, se lle meteron motores

P: ¿Se lle meteron motores ás traineras?

R: As esas traineras grandes, que viñeron a última hora, metéronse motores, motores de gasolina e ¿sabes quen foi o primeiro que montou aquí o motor de gasolina?

P: ¿O primeiro? Este que marchou para Baiona, ¿como lle chaman.. ?

R: O motor, o primeiro que montou un motor na embarcación...

P: ¡Ai! na lancha, nas traíñas³.

R: Foi Lago.

P: Lago, ¿que Lago?

R: O da Seara, Lago o que tiña un barco de... como *O Muiñeiro*.

P: Un balandro dese.

R: Un balandro dese de acarrexar de Vigo para Moaña, de Moaña para Vigo, de velas. E o fillo del, dese Lago, tiña unha agencia, unha pequena agencia de motores de Ford, de gasolina e el tiña un Ford tamén nun barquiño que lle chamaban “A Terranova” e o motor, púxolle un motor de gasolina e marchaba para o mar, e cando viña para terra xa viña averiado. Era un motor vello.

P: Cada dous por tres estaba averiado ¿non?

R: E tiña que apelar ó remo. Pero así, foise inventando e veu *O Muiñeiro* tamén, *O Muiñeiro* montouno xa... Porque o traballo máis grande que tiña aquelas embarcacións era o remo, ó tirarlle o remo podían traballar continuamente. Porque salías ás catro da mañán de Moaña, e moitas veces viñas ás tres e ás catro da mañán de botares o peixe, todo o día a traballar.

P: Ó día seguinte vamos.

R: E a xente non aguantaba.

P: Claro. E os botes eran tipo embarcacións máis pequenas ¿non?. O bote o máximo que podía levar que eran 8 homes, 7 ou 8 homes.

R: Eses eran os do boliche, tipo boliche ¿non?

P: ¿E despois usábanse outro tipo de botes máis pequenos para que?

R: Familiares, uns bolichiños pequenos. Tíñan un tanto así familiares, un bote para unha rapeta para andar o boliche, para andar a un bou, e para andar a algunha *femia*, pequerrecha, chalanas.

³ Traíña = traíneira